

REGULAMENTO DE SERVIÇO DO
MERCADO MUNICIPAL DE
ABASTOS

Unha vez presentada a documentación, procedese á formalización da relación laboral e rexistro da mesma perante o Instituto Nacional do Emprego.

DUODÉCIMA.—INCIDENCIAS

A convocatoria e a as súas bases e cantos actos administrativos se deriven deste e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma prevista na Lei de Procedemento Administrativo.

O Tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo orde da oposición en todo o non previsto nestas Bases.

No non previsto nas presentes bases da convocatoria estarase ó disposto nas seguintes disposicións.

Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a reforma da función pública, Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións vixentes en materia de Réxime Local, Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos ós que se ten que axustar o procedemento de selección dos funcionarios da Administración local e Real Decreto 364/1995, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó servizo da Administración do Estado.

DÉCIMOTERCEIRA.—NORMA FINAL

As bases específicas da convocatoria aprobadas polo Alcalde-Presidente da Corporación e cantos actos administrativos se deriven delas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecida pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Asemade, a Administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións do Tribunal consonte ó previsto na devandita Lei 30/1992, de 26 de novembro.

ANEXO-TEMARIO

- TEMA 1.—O Concello de Mos e o seu entorno.
 TEMA 2.—Protección Civil.
 TEMA 3.—Plan Territorial de Galicia.
 TEMA 4.—Plan de Emerxencia Municipal.
 TEMA 5.—Plans de Autoprotección: Escolar e Plans de Evacuación.
 TEMA 6.—Comunicación por radio.
 TEMA 7.—Teoría do Lume.

TEMA 8.—Material de intervención.

TEMA 9.—Plans específicos de Protección Civil.

TEMA 10.—Primeiros Auxilios e Socorrismo.

Mos, 19 de agosto de 2002.—O Alcalde, P.D.:
 Alejandro Vila González. 6265

* * *

BUEU

ANUNCIO

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en Sesión de data 03/04/02 o Regulamento do Servizo do Mercado Municipal de Abastos e publicado anuncio no B.O.P. de data 03/06/02 para a súa exposición pública durante os 30 días seguintes sen que se teñan presentado alegacións no devandito prazo, enténdese aprobado definitivamente procedéndose a súa publicación íntegra no B.O.P. ós efectos establecidos no art. 70.2 da Lei 7/1.985.

REGULAMENTO DE SERVICIO DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS

CAP.I. ASUNCIÓN DO SERVICIO

1. FIN DO REGULAMENTO

De conformidade co previsto nos arts 4 da Lei 7/1985, 106 do RD Lexislativo 781/1986, 30 e 33 do Dto de 17.06.1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e 155.2 do Texto refundido da Lei de contratos das Administracións Públicas (TRLCAP), polo Concello de Bueu establécese o seguinte Regulamento de utilización dos servizos municipais de abastos, co fin de determina-lo seu réximen Xurídico básico de acordo cos sinalados preceptos.

Referírase o presente regulamento a prestación dos servizos municipais de abastos que teñan lugar nos seguintes establecementos:

- Mercado Municipal de Abastos de Bueu, sito na Rúa Montero Ríos desta vila.

O exercicio de actividades comerciais en mercados fixos, anexos ós mercados municipais ou de abastos, con instalacións permanentes, ten a consideración de venda ambulante, segundo a Lei galega 10/1988 de Ordeación do Comercio interior e o Decreto 194/2001 de Ordeación da venda ambulante. Xa que logo, regularase a través da Ordeanza específica desta venda.

2. ASUNCIÓN EXPRESA

O servizo público sinalado asúmese expresamente como propio desta Administración, á luz da atribución de competencias prevista no aptdo 2.g) do art.25 da Lei 7/1985 e 26.1 b) da mesma Lei.

3. LIBERTADE DE COMPETENCIA

A prestación deste servicio desenvolverase de acordo co establecido en este regulamento e resolucións que en aplicación do mesmo se dicten, sen que poida vulnera-la liberdade de concurrencia respecto outras iniciativas públicas ou privadas.

CAP.II. MODALIDADES DE PRESTACIÓN

4. XESTIÓN DO SERVICIO

O servicio prestarase en calquera das modalidades previstas na lexislación vixente, ben sexa mediante xestión directa (art. 85.3 da Lei 7/1985), indirecta (art. 85.4 da anterior Lei, en relación co 156 do TRLCAP), ou consorcio (art. 87 Lei 7/1985), de acordo coa modalidade que en cada momento se determine polo Pleno Corporativo.

5. CONCESIÓN DE POSTOS

A ocupación en concreto de cada posto revestirá os caracteres propios dunha concesión administrativa demanial, que se outorgará segundo os arts 78 e seguintes do Regulamento de bens das Entidades Locais, na medida en que se adapten á lexislación contractual administrativa de carácter básico.

CAP.III. ÁMBITO DE APLICACIÓN

6. EIDO OBXECTIVO

Enténdese por tal os edificios e instalacións utilizados para a venda ó por menor dos produtos destinados ó abastecimento público, especialmente en canto se refire á alimentación, sendo a súa creación, apertura e explotación de exclusiva competencia municipal.

7. POSTOS DO MERCADO

Entenderase por postos fixos os que formen parte da propia estrutura do Mercado e se destinan á venda de artigos alimenticios de primeira necesidade ou, excepcionalmente, a outras actividades que, sen ser do ramo da alimentación, se consideren complementarias ou de utilidade.

Os postos destinados a actividades complementarias da alimentación non poderán exceder do 30% do seu número total.

Os postos dos Mercados haberán de destinarse á venda dos seguintes artigos:

- a. Carnes frescas
- b. Despoxos de reses
- c. Aves, Caza e ovos
- d. Pescados frescos
- e. Carnes, pescados e artigos conxelados
- f. Froitas e Hortalizas
- g. Comestibles, chacinas e ultramarinos
- h. Aliños, aderezos e outros productos similares
- i. Froes
- j. Droguería, Plásticos e artigos de limpeza
- k. Bar ou cantina
- l. Cualquera outra actividade que o Concello acorde.

8. EIDO SUBXECTIVO

Abarcará:

— Ós concesionarios dos postos, quen, pola prestación do servicio a través da oportuna concesión ou autorización administrativa, asuman unha relación especial co Concello, adquirindo o dereito ó uso das instalacións de conformidade e co cumprimento dos deberes establecidos no presente Regulamento e cos pregos que, no seu momento, rexan as concesións.

— Ós particulares usuarios do mercado, que disporán da posibilidade de uso do servicio de abastecimento que nas súas instalacións se leven a cabo segundo o réxime establecido neste regulamento, nas normas que rexen a actividade comercial e demáis aplicables segundo o tipo de actividade a desenvolver.

— A Administración concedente, que será o Concello.

— De se-lo caso, ó xestor indirecto do servicio, que poderá ser unha empresa ou Agrupación de Intereses Económicos.

CAP.IV. RÉXIME BÁSICO DE EXPLOTACIÓN DOS MERCADOS

9. DENOMINACIÓN

As instalacións destinadas á prestación do servicio de mercado que se regula denominaranse, no seu conxunto, "Mercado Municipal de...." segundo o lugar ou parroquia do Concello onde desenvolva o seu labor, sen que se poida engadir nome, siglas, sinaturas comerciais ou marcas de ningún tipo.

Toda a documentación administrativa do mesmo levará impreso o selo oficial. Os modelos de documentos e impresos deberán de ser, así mesmo, autorizados polo Concello.

10. NORMATIVA REGULADORA

As diferentes instalacións e a prestación do servicio adaptaranse, en todo momento e aparte do contido neste Regulamento, á normativa reguladora da materia que sexa de obrigatoria observancia e, en concreto, á Lei 10/1988, de 20 de xullo, de Ordeación do comercio interior de Galicia e á Lei 7/1996 de 15 de xaneiro, de Ordeación do comercio minorista (aplicable segundo dispón a súa D.F. única). Especialmente deberán de terse en conta as disposicións específicas en materia sanitaria e de control de alimentos e bebidas.

As relacións comerciais entre os concesionarios e os usuarios do servizo rexeranse exclusivamente polo Dereito privado.

11. INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTO

O local onde se preste o servizo disporá das Instalacións e condicións mínimas esixidas pola normativa reguladora segundo o tipo de venda que se realice, incluíndo, de así ser necesario, cámaras frigoríficas.

A posible ampliación do servizo que implique a construción de novos postos ou mercados, será asumida directamente polo Concello ou a través da contratación da xestión do servizo que conleve tal execución, sexa mediante concesión pura ou concesión de obra pública (arts 158.2 e 130 e seguintes do Texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas). En todo caso, a execución esixirá a aprobación previa do proxecto de obras polo Concello, que supervisará a adecuación das instalacións cos seus fins.

Procurarase que cada Mercado conte con cámaras frigoríficas, que só serán utilizadas polos titulares dos postos fixos, salvo que por falta de espazo ou impedimentos técnicos non sea posible.

12. LIBROS DE RECLAMACIÓNS

En cada Mercado existirá, a disposición dos usuarios, un libro de reclamacións e suxestións, debidamente foliado, numerado e selado co selo do Concello. A estes efectos, en cada mercado figurará unha inscrición ben visible co seguinte texto: "Neste Mercado existe un Libro de Reclamacións a disposición do público; para a súa utilización, dirixirse ó Sr. Vixiante ou ó Concello".

Así mesmo, tamén existirá a disposición do público un buzón de suxestións.

13. HORARIO DE FUNCIONAMENTO

Compete á Alcaldía do Concello, ou Concellería delegada, oída-las Organizacións Empresariais do Sector e concesionarios, a fixación do horario de apertura e peche dos Mercados, así como a organización e regulación da carga e descarga de mercancías. Durante as horas de venda ó público non se poderán transportar xéneros en carretillas polos pasillos, ocupalos con envases e outros obxectos ou estacionarse os titulares dos postos ou os seus dependentes de forma que impidan ou dificulten o tránsito do público.

A entrada de carnes no Mercado realizarase baixo a vixilancia do Garda, encargado do Mercado ou a inspección veterinaria, esixíndose o certificado de Sanidade ou o selo do Matadero autorizado. No caso de non posuír ningún dos anteriores, estarase ó que determine a Inspección Veterinaria.

O Concello, oído-los propios titulares dos postos ou as súas asociacións, poderá autorizar a entrada por estes no Mercado fóra das horas de venda, para o despece de canles, entrada de bultos, limpeza de postos, preparación e retirada de xénero, así como para o acondicionamento do posto.

14. PROHIBICIÓN DE PUBLICIDADE

Nos Mercados de Abastos non se admitirá ningún uso de publicidade comercial que non sexa o propio nome do titular de cada posto, quedando prohibido en calquera caso o voceo, o uso de altavoces ou de calquera outro medio sonoro para ofrecimento das mercaderías ou produtos.

Igualmente quedan prohibidas a venda ambulante e as rifas.

15. BÁSCULA DE REPESO

Nos Mercados de Abastos instalarase unha báscula de repeso para que o público poda en todo momento efectuar as comprobacións de peso dos artigos adquiridos. En tal báscula colocarse un cartel no que se leerá: "Báscula de repeso a disposición do público".

En caso de reclamación por estimar falta no peso, o comprador, sen abandonar o posto onde adquiera o produto, interesará a presenza do Axente ou Vixiante, ou no seu defecto, dun garda da Policía Local, quen seguidamente efectuará o repeso do artigo en cuestión. Constatada a anomalía, polo persoal ó servizo do Concello ponranse os feitos en coñecemento da Alcaldía e do presunto infractor, para a incoacción do correspondente expediente sancionador.

CAPITULO V. INSPECCION SANITARIA E CONTROL DE ALIMENTOS E BEBIDAS

16. COMPETENCIA

O servizo de inspección sanitaria do Mercado corresponde ós organismos competentes da Concellería de Sanidade da Xunta de Galicia. Exercerase a través do Servizo de Inspección Veterinaria asignado neste Concello.

17. FUNCIONES

Corresponderalle á inspección veterinaria o exercicio de cantas comprobacións, exames e demais actuacións sexan necesarias para comprobalo axeitado estado hixiénico-sanitario dos produtos que se venderán no Mercado Municipal de Abastos, de conformidade coa súa propia normativa reguladora e a que sexa aplicable neste eido.

Neste senso, poderán advertir ós servizos municipais das posibles deficiencias na limpeza do Mercado; na desinfección, desinsectación e desratización das súas dependencias; na conservación, ma-

nexo e venda dos produtos alimenticios; nas condicións hixiénico-sanitarias dos postos, instalacións, cámaras frigoríficas, así como os vehículos que transporten xéneros relacionados co mesmo, e cantos extremos entendan de interese para garantir a total seguridade dos consumidores e usuarios das dependencias do Mercado.

Non se permitirá por á venda ningunha partida de peixe sen que previamente fora examinada pola Inspección Veterinaria.

O horario de entrada de peixe será fixado pola Alcaldía do Concello, ou Concellería delegada, oída a Inspección Veterinaria e os industriais do ramo.

De acordo coas normas de Sanidade vixentes, esixiranse as caixas novas ou perfectamente limpas.

CAPITULO VI. DOS XESTORES DO SERVICIO

18. OBRIGAS DO XESTOR DO SERVICIO

A entidade que xestione o servicio municipal de mercados, independentemente da forma de prestación deste, terá as seguintes obrigas:

- Ocuparase da apertura e funcionamento das instalacións de conformidade co precisado neste Regulamento.
- Levará un rexistro adecuado das concesións administrativas outorgadas a cada un dos postos, no que constarán a data da concesión, o seu titular, o prazo de outorgamento, o canon satisfeito, as subrogacións, transmisións ou hipotecas autorizadas, e demais datos de interese que consten no acto de concesión.
- Manterá un inventario actualizado dos bens adscritos a tal prestación, tales como báculas, cámaras frigoríficas etc.
- Corresponderalle o coidado, limpeza, acondicionamento, conservación, mantemento e vixilancia das instalacións. Esta obriga conleva a apertura e peche das mesmas.
- Levará a cabo, en definitiva, tódalas actuacións necesarias para garantir-lo acomodo das instalacións ós requisitos precisados na devandita normativa aplicable, así como desenvolve-lo servicio con estricte suxección á mesma. Especialmente coidará do cumprimento dos requisitos establecidos no Capítulo V relativo á explotación do Mercado, tales como a existencia de Libros de Reclamacións, báscula de repesado, calidade e control dos produtos, horario de funcionamento...

19. MEMORIA SOBRE O SERVICIO

O xestor do servicio, sexa directo ou indirecto, concluirá anualmente unha memoria sobre o realizado, no que se incluírán cifras sobre a actividade

desenvolvida, produtos obxecto de comercio, persoal empregado, reclamacións e demandas en xeral dos usuarios, incidencias e tódolos aspectos que entenda de interese.

Tal memoria presentarase ó Departamento municipal do Servicio, informarse polo responsable municipal e, xunto cunha memoria xeral e conformada da prestación en xeral do servicio de Mercados no Concello a efectuar polo mesmo órgano administrativo, serán presentadas á Concellería delegada, quen dará conta das mesmas na Comisión informativa correspondente ou, de así estimalo, ó propio Pleno corporativo.

Xunto con tal memoria entregarase o libro de reclamacións e suxeccións para o seu exame e devolución, sen prexuízo de comunicar ó Concello as queixas dos usuarios cando se produzan e do dereito destes a interpo-los recursos oportunos contra os actos da xestora.

20. XESTIÓN INDIRECTA

O servicio poderá prestarse por calquera das formas de xestión indirecta contempladas na lexislación contractual administrativa e local. Expresamente admítase que tal xestión poda realizarse con empresas ou Asociacións ou Agrupacións de Interese económico, nas que obrigatoriamente se integrarán a totalidade dos concesionarios dos postos de mercado.

Independentemente das obrigas precisadas no Capítulo anterior, a entidade concesionaria ou xestora indirecta, deberá:

- Aproba-los oportunos estatutos e constituírse debidamente, a través de escritura pública debidamente inscrita, de se-lo caso, para o suposto de tartarse dunha Agrupación de Interese Económico, composta, como queda dito, por tódolos concesionarios dos postos.
- Designar un responsable-s do servicio, co perfil máis adecuado, ó que o Concello se poida dirixir en concreto, ó tempo que coordine á actividade da xestora. Este xestor contará coa debida representación da empresa ou Asociación de Interese Económico xestora do servicio, acreditada a través da oportuna escritura de apoderamento.
- Permitirá o control, administrativo e especialmente sanitario, das autoridades municipais e, das instalacións, produtos destinados á venda, inventarios de material e, en xeral, dos elementos afectos á prestación do servicio e do modo concreto do seu desenvolvemento. Neste senso, calquera funcionario, empregado ou autoridade municipal relacionado co servicio, poderá examina-las instalacións e o servicio en calquera momento.

- Adaptarase en todo o relativo á prestación do mesmo ás órdenes e instrucións que lle sexan dados polos servizos municipais ou administrativos competentes.
- Elevará ó Concello, a través da Concellería delegada do servizo ou da Alcaldía, caso de inexistencia da primeira, cantas propostas ou suxestións teña por convenientes para a mellor prestación do servizo.

Poderá encomendarse á empresa ou asociación xestora do servizo a tramitación das solicitudes para as concesións dos postos, se ben, en todo caso, a resolución final da concesión será outorgada polo Concello.

CAPITULO VII. RÉXIME DOS POSTOS

SECCIÓN 1ª : DEFINICIÓN

21. NATUREZA XURÍDICA

A ocupación en concreto de cada posto concepciónase como unha utilización privativa dun ben demanial, se ben destinado a un servizo público, que precisa do oportuno título habilitante. Este título, dáda-las características das instalacións como fixas e a vocación de permanencia na súa ocupación, terá a consideración dunha concesión administrativa, que se rexerá polas disposicións contidas na lexislación local básica, no Regulamento de Bens das Entidades Locais e, por remisión destes, na lexislación contractual administrativa.

22. DESTINO DOS POSTOS

En principio, o concesionario dun posto poderá adicalo á calquera das actividades que se precisan neste regulamento, non obstante, e para supostos excepcionais nos que exista demanda de determinados produtos de primeira necesidade, que non sexan ofertados en grado suficiente nin polo servizo municipal de Mercado nin pola iniciativa privada, o Concello poderá reserva-la concesión de determinados postos ó exercicio da venda destes produtos.

En todo caso, o Concello poderá autoriza-lo cambio de especie de venda dos postos dos Mercados.

23. TITULARES

Só poderán ser titulares de postos as persoas naturais ou xurídicas de nacionalidade española ou dalgún dos países membros da Unión Europea, con plena capacidade xurídica.

Os postos non poderán ser atribuídos a dúas ou máis persoas en común e non poderán estar suxetos a condicións o gravames de ningunha clase, agás o establecido no art 26.

Non poderán ser titulares de postos os comprendidos nalgún dos casos de prohibición para contratar sinalados na normativa sobre contratación administrativa.

SECCIÓN 2ª : ADXUDICACIÓN E TRANSMISIÓN OU GRAVAME

24. ADXUDICACIÓN

A concesión realizarase a través do oportuno procedemento licitatorio, que se articulará por concurso e no que se valorará especialmente a oferta económica ou canon proposto polo licitador.

Non obstante o anterior, unha determinada porcentaxe dos postos a cubrir, que non excederá do 30%, poderá reservarse para a súa concesión valorando outra serie de circunstancias especiais propias de colectivos menos favorecidos, como son as rentas e o patrimonio familiar, as cargas deste tipo, o tempo transcurrido en situación de desemprego, a percepción de axudas económicas de primeira necesidade ou similares, etc..

Se celebrado o concurso quedasen sen adxudicar postos, estes poderán ser asignados a través do procedemento negociado, segundo a lexislación contractual administrativa.

25. TRANSMISIBILIDADE DAS CONCESIÓNS SOBRE OS POSTOS

Dado o carácter dos bens sobre os que se exerce a actividade, en canto destinados a un servizo público e de titularidade demanial, co fin de evitar calquera especulación sobre os mesmos, limitarase a transmisión das concesións dos postos ós seguintes casos:

- a) *mortis causa* ou para o caso de xubilación, a favor dos herdeiros ou legatarios do causante concesionario. Asimilarase a morte, a declaración de falecemento ou de ausencia do titular, segundo establece a lexislación civil. De haberse transmitido en testamento con carácter pro indiviso a dúas ou máis persoas, éstas deberán determinar e comunicar ó Concello quen dentre elas ha de suceder na titularidade.
- b) por imposibilidade sobrevenida para o exercicio directo e persoal da actividade comercial, debidamente acreditada, a favor das persoas que tiveran a condición de herdeiros forzosos do titular.

En ambos casos, a comunicación ou solicitude ó Concello deberá facerse polos interesados no prazo de seis meses, a contar desde o día do falecemento do titular, declaración de ausencia ou declaración administrativa da súa incapacidade para o exercicio persoal da venda. Do contrario, declararase sen

efecto a adxudicación, extinguido calquera dereito sobre a titularidade do posto e vacante este.

Nestos casos, ademáis, os favorecidos coa transmisión do posto terán dereito a insta-la resolución da concesión, coa percepción do canon satisfeito no seu momento, debidamente actualizado e descontada a parte correspondente ó tempo xa disfrutado da concesión. Este canon satisfacerase con cargo á cantidade obtida na nova licitación á que se someterá a concesión do posto en cuestión.

Para o suposto de declaración de deserta da herdanza, ou inexistencia de herdeiros forzosos no suposto do apartado b), a concesión declararase caducada e vacante.

26. GRAVAME

Dado o seu carácter de dereito real inscribible no Rexistro da Propiedade, a concesión poderá ser obxecto de hipoteca polo seu titular, hipoteca que deberá de atoparse cancelada no momento de extinción da concesión.

Para o caso de execución, o acreedor hipotecario subrogarase na posición do anterior concesionario, poidendo insta-la resolución da mesma co dereito a obter unha indemnización idéntica á precisada no anterior artigo.

27. PERMANENCIA DA ACTIVIDADE

En calquera dos supostos referidos nos artigos 25 e 26, os postos deberán continuar abertos e exercíndose neles a mesma actividade comercial autorizada, ata que polo Concello se resolva acerca da nova titularidade que, no seu caso, motiva a cesión.

Solamente permitirase a inactividade ou peche durante o prazo de dous meses, a contar da data do falecemento do titular, declaración de ausencia, declaración administrativa da súa incapacidade para o exercicio persoal da venda, ou comunicación da execución de hipoteca, salvo que a instancia de parte interesada e xustificadamente se solicite do Concello a concesión dun prazo superior.

Se a inactividade ou peche excedera do prazo previsto no párrafo anterior, declararase extinguido calquera dereito sobre a titularidade do posto ou espacio e vacante éste.

28. AUTORIZACIÓN MUNICIPAL

Calquera alteración na titularidade ou no contido das concesións outorgadas, incluído o seu gravame mediante hipoteca, deberá de ser autorizada polo Concello. As transmisións, traspasos ou arrendamentos do posto que non contén con autorización municipal producirán a caducidade da concesión.

En todo caso, a transmisión producirá a subrogación do adquirente nas mesmas condicións do anterior titular, polo tempo que faltase para a fina-

lización da concesión e co pagamento da taxa que se prevea a este respecto na Ordeanza fiscal municipal.

SECCIÓN 3ª : RÉXIME DA ACTIVIDADE

29. DEREITOS DOS CONCESIONARIOS DOS POSTOS

Ós que resultasen concesionarios dun posto de mercado, a través do procedemento licitatorio tramitado ó efecto, disporán dos seguintes dereitos:

- A utiliza-los bens de servizo público necesarios para poder desenvolve-las súas actividades.
- Cando deba desocuparse algún Mercado por traslado das súas actividades a outro novo, os titulares dos postos fixos daquel tenrán dereito a ocupar un posto da mesma clase no novo, polo tempo que restase para a extinción da concesión originaria. No seu defecto, terán dereito a que se lles indemnice de acordo co disposto para os casos de resolución anticipada no art. 36 deste Regulamento.
- Á utilización da cámara frigorífica común, de acordo coas seguintes regras:
- A ocupación, por cada un dos postos, da cámara será de 0.50 m² en superficie.
- O horario de apertura e peche da cámara, que será diario e de mañá, será determinado pola Alcaldía ou Concellería delegada a proposta do Administrador do Servizo.

30. OBRIGAS DOS TITULARES DOS POSTOS

Os concesionarios de cada un dos postos terán as seguintes obrigas:

- Deberán desenvolve-la súa actividade persoalmente, sen prexuízo da colaboración directa de cónxuge, ascendentes ou descendentes. Noutro caso, o titular está obrigado a amosa-lo contrato de traballo da persoa que preste servizos baixo a súa dependencia e as cotizacións á Seguridade Social.

Os postos autorizados a persoas xurídicas serán atendidos por quen a represente ou os seus dependentes laborais.

A actuación dos colaboradores do titular haberá de ser autorizada, previamente, polo Concello, debendo concurrir en ditos colaboradores os seguintes requisitos:

- a. Dispor do correspondente carnet de identificación, así como do carnet de manipulador de alimentos.
- b. Estar afiliados á Seguridade Social e cumpla-la normativa laboral no suposto de tratarse de personal asalariado.

- Os titulares deberán de ter, a disposición das autoridades municipais ou competentes en materia de inspección sanitaria, un documento xustificativo do seu dereito, que será facilitado polo Concello no momento da concesión. Xunto con este exhibirase un documento de identificación do propio titular que incluíra a fotografía do interesado.
- Así mesmo, deberán dispor do carnet de manipulador de alimentos.
- Os colaboradores do titular tamén deberán de estar en posesión do correspondente carnet de identificación e de manipulador de alimentos, que poderán ser requeridos polas autoridades competentes.
- Os devanditos documentos deberán de renovarse para o caso de perda, sustracción ou deterioro.
- Satisfacer a coantía das taxas ou dereitos de utilización dos postos, na forma e prazos de ingreso que virán determinadas en cada momento pola Ordeanza Fiscal respectiva, así como as sancións por defraudación, ocultación, infracción ou demora, que na mesma se establezan.
- Manter en bó estado a porción de dominio utilizado e, no seu caso, as obras que constrúan.
- Exerce-la súa actividade comercial durante as horas sinaladas.
- Expor á vista do público unha mostra de tódolos artigos que se expendan, cos seus respectivos prezos.
- Vestir correcta e aseadamente a indumentaria apropiada, esixindo esta obriga ós seus colaboradores.
- Coidar de que os seus respectivos postos e espazos lindantes se atopen en todo momento en bó estado, limpos e libres de obstáculos e residuos.
- Realiza-lo depósito ou verquido de residuos nas horas e nos contenedores ou recipientes destinados a tal fin nas dependencias do Mercado, trasladándoos en bolsas que impidan perder ou derrama-lo seu contido, que baixo ningún concepto poderá ser arroxado ós pasillos e outros lugares comúns.
- Satisfacer puntualmente as exaccións que lles corresponda aboar, tendo a disposición os recibos acreditativos do pagamento dos mesmos.
- Facilita-llos datos e comprobacións que lles sexan solicitados pola Administración ou Servizos Veterinarios e sanitarios.
- Dispor dos instrumentos de pesar e medir necesarios, que deberán axustarse ós modelos

homologados oficialmente, procurando o uso de balanzas automáticas, que se colocarán de forma que o peso poda ser visto e comprobado polos compradores.

- Exhibir ó Administrador de Mercados, Funcionarios municipais, da Inspección Veterinaria ou da Inspección de Abastos, así como ós gardas da Policía Local, cantos artigos teñan á venda, incluso os depositados en armarios e envases, sen que poidan oporse ó recoñecemento dos mesmos nin a súa inutilización caso de que sexan declarados, logo do dictame da Inspección Veterinaria, non aptos para o consumo. Elo sen prexuízo das reclamacións, queixas ou recursos que poidan interpor contra a actuación e declaración referida.
- Gardar en todo momento absoluta corrección co público e persoal municipal do servizo.
- Cumplir cantas outras obrigas resulten deste Regulamento e demais disposicións legais que sexan de aplicación en materia de sanidade, abastos, policía, alimentación e comercio.

31. PROHIBICIÓNS

Con carácter xeral, establécense as seguintes prohibicións:

- Expende-las mercaderías fóra dos postos ou en postos distintos dos que lle correspondan.
- Tocar ou manosea-la mercancía exposta, singularmente aqueles produtos susceptibles de fácil contaminación.
- Limpiar despozos no Mercado durante o horario sinalado para a venda ó público.
- Lavar nos postos o peixe destinado á venda, salvo a solicitude do comprador para a súa preparación para o consumo.
- Dispor de recipientes e outros utensilios que faciliten manipulacións nocivas ou almacenar calquera clase de produtos insalubres.
- Utilizar recipientes ou medios de transporte que podan ocasionar deterioro do pavimento do recinto.
- Arrojar lixo e residuos nas dependencias ou zonas de afluencia do público.
- Expo-los produtos que precisan regulamentariamente conservación por frío fóra dos mobles frigoríficos adecuados en cada caso.
- Reconxela-los alimentos que sufriran cambios de temperaturas que lles poideran hacer perde-las súas condicións específicas.
- Vender a granel ou fraccionadamente cando esté prohibida dita forma de venda nas Regulamentacións Técnico-Sanitarias ou Normas específicas correspondentes.

- Utilizar papeis periódicos, impresos, etc., para envolver-los productos. Non terán a consideración de papel impreso o papel novo que leve consignado-lo nome, enderezo do vendedor ou outras indicacións sobre a cara que non vaia estar en contacto co alimento.

SECCIÓN 4ª : OBRAS, INSTALACIÓNS E SERVICIOS

32. EXECUCIÓN DE OBRAS

Toda obra de construción, adaptación ou reforma dos postos que desexen levar a cabo os seus titulares, deberá facerse de conformidade cos modelos establecidos ou que poda establece-la Corporación.

Sen a previa autorización do Concello non poderán os titulares de postos e almacéns-depósitos realizar obras nin instalacións de ningunha clase nos mesmos.

Os titulares dos postos demolerán a súa costa as obras non autorizadas, vindo obrigados a reparar e indemniza-los danos ocasionados a persoas ou cousas.

33. DESTINO DAS OBRAS

Cantas obras e instalacións se realicen nos postos ou almacéns-depósitos e queden unidas de modo permanente ó piso, paredes e demais elementos integrantes do inmovible do Mercado quedarán de propiedade municipal, sen dereito a indemnización ningunha ós titulares á finalización do prazo da adxudicación.

Entenderase que tales obras están unidas de modo permanente cando non se podan separar dos pisos, paredes ou elementos sen quebranto, dano ou deterioro destes.

34. CONSERVACIÓN E MANTEÑEMENTO

Serán de conta e cargo dos titulares dos postos as obras de conservación e/ou entreteñemento dos mesmos.

O Concello poderá impo-la realización de ditas obras ou executalas por sí, sen prexuízo, neste caso, de reclama-lo seu importe ó titular correspondente.

35. SUBMINISTRACIÓNS ENERXÍA

Serán de conta dos titulares de postos os abonos polos consumos electricidade. O Concello procurará que a pé de posto haxa unha toma de electricidade, co fin de que cada concesionario poda instala-los seus respectivo contador e aboa-lo consumo unitario de dito servizo.

SECCIÓN 5ª : DURACIÓN E EXTINCIÓN

36. DURACIÓN MÁXIMA DAS CONCESIÓNS

Fíxase en 20 anos, sen que poida superarse mediante prórroga de ningún tipo, subrogación ou transmisión do dereito.

37. RESOLUCIÓN ANTICIPADA POR RENUNCIA XUSTIFICADA DO TITULAR

Os titulares dos postos, por causas debidamente xustificadas que impidan o desenvolvemento da actividade de por sí ou polas persoas que poideran beneficiarse da súa transmisión segundo os arts 25 e 26 deste Regulamento, ou que a fagan extraordinariamente gravosa, poderán instar do Concello a resolución anticipada da concesión.

Neste caso terán dereito á retirada de cantos elementos do negocio admitan a súa separación sen dano ou menoscabo das instalacións, e a unha indemnización equivalente ó prezo de adquisición ou canon satisfeito ó Concello, debidamente actualizado e prorrateado en atención ó tempo transcurrido da concesión. Tal indemnización satisfarase polo Concello con cargo ó canon obtido no novo procedemento licitatorio ó que se someterá o posto en cuestión.

38. CAUSAS DE FINALIZACIÓN

Sen prexuízo do disposto noutros preceptos desta Ordeanza, os dereitos de ocupación de postos e espazos extínguense por:

- Finalización do prazo de adxudicación
- Renuncia do titular
- Causas sobrevenidas de interese público aúñ antes da terminación do prazo de adxudicación logo da, de se-lo caso, a correspondente indemnización. Esta facultade de rescate exercitarase segundo a normativa administrativa reguladora das concesións demaniais.
- Falecemento ou declaración de ausencia do titular, sen prexuízo da posible transmisión ó abeiro do art. 25 desta Ordenanza.
- Imposibilidade de exercicio directo ou persoal da concesión, sen que se opte pola contratación de persoal dependente, sen prexuízo da posible transmisión ó abeiro do art. 25 desta Ordenanza.
- Disolución da Sociedade titular.
- Cesión ou traspaso non autorizado del local, presumíndose que se da este suposto sempre que apareza ó frente daquel persoa distinta ó titular ou persoa autorizada polo Concello.
- Pérdida das condicións que foron esixidas para optar á adxudicación.
- Non ocuparse ou permanecer pechado o posto durante máis de noventa días, nun mesmo periodo anual, salvo que exista autorización municipal para elo ou concurra causa xustificada. Neste caso estarase ó disposto no art. seguinte.
- Ter sido sancionado por infracción moi grave de disciplina do Mercado.

- Grave incumprimento das obrigas sanitarias ou das ordes recibidas en materia de limpeza e hixiene dos postos.
- Falta de pagamento durante tres mensuralidades consecutivas ou 6 alternas das taxas que se xirasen.

39. PARALIZACIÓN DA VENDA

Para os casos de imposibilidade transitoria de exercicio da actividade, principalmente por causa de enfermidade ou similares debidamente xustificativas e acreditadas, o Concello, a solicitude do titular e sempre que non exista persoa dependente deste que poida facerse cargo da explotación do posto, poderá permiti-lo peche do mesmo.

Cando tal peche exceda de 15 días, procederase á adxudicación, a través da oportuna licitación, da licenza para a súa ocupación temporal por persoa que reúna as condicións necesarias para elo.

En todo caso, o non exercicio polo titular polo prazo de máis de 6 meses producirá a caducidade da concesión, sen prexuízo do titular de instalala resolución anticipada ó abeiro do art. 36 deste Regulamento.

Extinguida a concesión orixinaria, extinguirase calquera licenza de ocupación temporal outorgada sobre o posto, procedendo a tramitación de novo procedemento destinado á adxudicación de nova concesión.

40. EFECTOS

Á extinción dos dereitos de ocupación, calquera que fóra a causa, os titulares haberán de abandonar e deixar libres e vacíos, a disposición do Concello, os bens obxecto da utilización. O Concello, en caso contrario, poderá acordar e executar por sí o desafuizamento en vía administrativa.

CAP.VIII. DOS USUARIOS

41. DA SOLICITUDE E RECEPCIÓN DO SERVICIO

A prestación do servizo efectuarase de conformidade co principio constitucional de igualdade. A preferencia para a prestación do servizo corresponderá ó que, con estricte suxección ó orde temporal, primeiro o solicite.

42. SON DEREITOS DOS USUARIOS DOS SERVICIOS

- Ter acceso ós servizos en condicións básicas de igualdade.
- A estar claramente informado das normas de funcionamento do Mercado, dos seus dereitos e obrigas.
- Te-la garantía de que os servizos se prestan con continuidade.

- A utilización das instalacións referidas de conformidade co presente regulamento e a normativa xeral reguladora das mesmas.
- A solicitar das autoridades municipais o correcto funcionamento e estado das instalacións, denunciando cantas irregularidades poidan observar nas mesmas.
- A presenta-los recursos, queixas e reclamacións procedentes contra os actos de xestión do servizo, ante a Alcaldía do Concello ou mediante a demanda da tutela xudicial chegado o caso.
- Os demais dereitos recoñecidos pola normativa de aplicación.

Estes dereitos deberán de ser garantidos polo Concello, tendo dereito os particulares a esixirla súa observancia a través dos sistemas de participación fixados pola Lei 7/1985 Reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997 de Administración local de Galicia.

43. SON DEBERES DOS USUARIOS DO SERVICIO:

- A utilización en xeral das instalacións incluídas no eido deste Regulamento de conformidade co seu destino e natureza, sen dano ou menoscabo ningún nas mesmas e con pleno respecto ós dereitos dos demais usuarios destas.
- O acatamento das instrucións que, en cumprimento deste Regulamento ou da normativa xeral reguladora, lle sexan dadas polo Concello ou xestor responsable.
- O pagamento dos danos ocasionados ás instalacións mediando dolo ou culpa.
- Non tocar nin manosear as mercaderías expostas ó público, cando e trate de produtos alimenticios facilmente deteriorables.

CAP. IX. DO GOBERNO E ADMINISTRACIÓN DO MERCADO

44. ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE

Corresponde á autoridade do Alcalde a dirección, inspección e impulsión dos Servizos de Mercados.

45. ADMINISTRADOR DO MERCADO

Baixo a dependencia orgánica e funcional da Concellería delegada de Servizos haberá un Administrador dos Mercados.

Asumirá as funcións de Administrador do mercado o funcionario ou traballador que ostente o posto ó que tal competencia así se lle asigne no Catálogo de Postos de Traballo do Concello.

Entre outras, corresponderanlle as seguintes funcións:

- Velar polo bó orden, policía e limpeza do Mercado e o adecuado uso das instalacións de común utilización.
- Vixila-la actividade mercantil que se rexistre no Mercado, a fin de que discurra por cauces legais, dando conta á autoridade competente de cantas anomalías observe.
- Atende-las queixas e reclamacións do público e titulares dos postos e resolvelas o transmitilas en cada caso a quen corresponda.
- Practica-las inspeccións dos postos e todas aquelas instalacións que se relacionen co Mercado, estando facultado para esixir ós concesionarios canta documentación sexa de interese concerniente á explotación do posto en cuestión.
- Inspeccionar en todo momento os instrumentos de peso e medidas dos industriais e cuidar do servizo de repeso, exercendo esta facultade inspectora, con carácter xeral e extensiva a tódolos postos, ó menos unha vez ó ano.
- Practica-las notificacións ós titulares dos postos e manter á Administración Municipal continuamente ó corrente, mediante a remisión dos oportunos partes de cantos asuntos relevantes afecten ós Mercados.
- Dirixir al personal afecto á Unidade de Mercados.
- Formular propostas para a mellora do Servizo.
- Velar pola conservación e entreteñemento do edificio e as súas instalacións, recabando a intervención dos Servizos Técnicos competentes chegado o caso.
- Leva-la documentación administrativa dos Mercados, o control de entradas e saídas de documentos, os cobros e os Libros de Rexistro de titularidade dos postos e de reclamacións.
- Recopilar, clasificar e ordena-los datos estatísticos sobre prezos, procedencias e cantidades de xéneros entrados e vendidos, de acordo coas instrucións que reciba.
- Cuidar da administración económica e da contabilidade dos Mercados, vixiando a puntual recadación das taxas e dando conta dos atrasos e faltas de pago que se produzan.
- Denuncia-las infraccións do Regulamento que poideran comete-los concesionarios, moi especialmente os traspasos e arrendamentos encubertos e calquera defraudacións, e emiti-los informes que lles foran solicitados.
- Especialmente, colaborará coa Inspección veterinaria e lle prestará o apoio que reclame, dándolle cumprida conta daqueles pro-

ductos, xéneros ou mercaderías que non teñan as debidas autorizacións ou que presenten aspecto insalubre ou deteriorado.

- Cantas outras funcións se deriven da aplicación deste Regulamento ou lle foren encomendadas pola Alcaldía.

CAP. IX. POTESTADES DO CONCELLO

46. POTESTADES

A fin de garanti-lo correcto funcionamento do servizo, o Concello poderá:

- Esixi-la observancia das normas relativas ó desenvolvemento do servizo por parte de xestores, concesionarios dos postos e usuarios, poidendo, logo do oportuno expediente no que se de audiencia ó interesado, adoptar cantas medidas ou impoñe-las sancións que ó respecto veñan establecidas neste Regulamento ou na normativa aplicable.
- Esixi-lo pagamento da taxa ou prezo público correspondente por parte dos concesionarios dos postos.
- Ordear e executa-lo desaloxo dos postos que, en aplicación do disposto neste Regulamento, deban de quedar libres e vacantes.

Estas medidas poderán facerse efectivas por mediación do encargado da vixiancia e/ou servizo, ou a través dos medios previstos na Lei 30/1992 para a executoriedade dos actos administrativos e no RD 1372/1986 para a defensa dos bens das entidades locais, incluíndo a vía de constrinximento e o desafuizamento administrativo.

CAP X. RÉXIME SANCIONADOR. INCUMPRIMENTOS

47. INCUMPRIMENTOS DOS TITULARES DOS POSTOS

Os titulares de los puestos serán responsables por sí mesmos e polos seus colaboradores das faltas que cometan contra o presente Regulamento e demais normativa en vigor que afecte ó comercio minorista de alimentación.

48. FALTAS DOS TITULARES OU CONCESIONARIOS DOS POSTOS

As faltas clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Considérase falta leve:

- A omisión da necesaria limpeza nos postos e locais do Mercado, así como nas zonas comúns.
- O descuido no aseo persoal dos titulares ou os seus colaboradores.

- Arrojar residuos e lixo nos pasos comúns, dependencias e zoas de confluencia do Mercado.
- O abandono de envases e mercaderías en recintos comúns, incumplindo normas ou directrices establecidas ó respecto.
- O transporte de mercaderías en horario de venda.
- A inobservancia das instrucións dimanantes do Concello ou da Inspección Sanitaria.
- As incorreccións, a violencia verbal e a promoción de escándalos co público e persoal Municipal do Servizo.
- Causar, mediando dolo ou negligencia grave, danos ó edificio, postos ou instalacións por valor inferior a 1.500 euros.
- A colocación do peso de forma que este non resulte claramente visible para os compradores.
- Mantene-lo posto pechado durante máis de trinta días consecutivos e menos de sesenta, salvo causa xustificada apreciada motivadamente polo Concello.
- O incumprimento do horario establecido en canto á venda e saída e entrada do Mercado.

Constitúe falta grave:

- A comisión de tres faltas leves no transcurso dun ano.
- Incumpli-la normativa en vigor en materia de sanidade alimentaria.
- A venda de artigos de especie distinta á autorizada polo Concello.
- A negativa a exhibi-los albaráns da mercadería ou calquera outra documentación relacionada co negocio cando sexan requeridos para elo por persoal autorizado.
- Os altercados ou pendencias que produzan escándalo dentro do Mercado ou nas súas intermediacións, con resultado de lesións ou danos.
- As ofensas leves de palabra, ou de obra, ás Autoridades Municipais, empregados do Mercado, da Inspección Sanitaria, ós Axentes da Autoridade e ó público ou usuarios do Mercado.
- Causar, mediando dolo ou negligencia grave, danos ó edificio, postos ou instalacións por valor de 1.500 euros ou superior, e inferior a 3.000 euros.
- O uso indebido ou sen autorización de bens ou servizos xerais.
- As defraudacións na cantidade ou calidade dos xéneros vendidos.
- O peche do posto durante sesenta ou máis días e menos de noventa días, salvo causa xustificada apreciada motivadamente polo Concello.

Terá a consideración de falta moi grave:

- A comisión de tres faltas graves no transcurso dun ano.
- Robos ou hurtos dentro do Mercado.
- Provocar disturbios no funcionamento normal dos servizos, impedindo a realización de vendas ou enfrendando gravemente ós usuarios entre si ou co persoal do Servizo.
- O impago das taxas correspondientes a tres mensualidades.
- Actos de coacción ou soborno ó persoal do Mercado.
- O incumprimento da resolución recaída como consecuencia dalguna infracción cometida.
- Ocasionar danos por valor de 3000 euros ou superior nas instalacións por dolo ou negligencia grave.
- As ofensas graves, de palabra ou de obra, ás Autoridades Municipais, empregados do Mercado, da Inspección Sanitaria, Axentes da Autoridade e ó público usuario do Mercado.
- A modificación da estrutura ou instalacións dos postos sen autorización municipal.
- A cesión non autorizada do posto ou o seu aluguer.
- O peche do posto durante máis de noventa días nun mesmo período anual, salvo causa xustificada apreciada motivadamente polo Concello.
- O incumprimento do disposto no artigo 29 do presente Regulamento respecto ós colaboradores.
- As defraudacións na cantidade e calidade dos xéneros vendidos que deran lugar a sanción por infracción grave á disciplina del mercado.
- O incumprimento da normativa relativa ás condicións hixiénico-sanitarias dos alimentos.
- O incumprimento grave das obrigas sanitarias ou das ordes recibidas en materia de limpeza e hixiene dos postos.

49. APERTURA SIMULADA DOS POSTOS

Os prazos que se establecen nos artigos anteriores respecto ás faltas por peche dos postos non se interrumpirán pola apertura do posto durante un ou varios días co obxecto de simular aparencia de venda. A estes efectos entenderase que existe simulación, aparte de por outras circunstancias acreditativas, cando a cantidade e prazo de artigos postos

á venda non corresponde á que poda considerarse como de actividade normal do mesmo posto.

50. SANCIONES POR FALTAS COMETIDAS POLOS TITULARES DOS POSTOS

Toda infracción do presente Regulamento sancionárase na forma específica que determina o precepto incumprido e, no seu defecto, na seguinte:

- a. Por faltas leves: Apercibimento ou Multa de 6 a 30 euros.
- b. Por faltas graves: Multa de 30 a 90 euros e/ou suspensión das actividades de venda no posto ata quince días para os titulares, e a mesma multa ou/e suspensión por igual prazo para os colaboradores, en caso de que a falta sexa cometida por estos.
- c. Por faltas moi graves: Multa de 90 ata 300 euros e suspensión das actividades de venda no posto ata trinta días, ou extinción da titularidade do posto. As faltas moi graves cometidas polos colaboradores sancionáranse coa suspensión da autorización municipal e multa polo importe sinalado ou a anulación da sinalada autorización.

Aquelas infraccións que supoñan unha perturbación da adecuada e normal prestación do servizo, como os desordes, danos a bens ou instalacións ou faltas de respecto ós restantes usuarios, provocarán, de non cesa-la actitude trala oportuna advertencia, o desaloxo das instalacións polo xestor do servizo que, a estos efectos, poderá contar coa colaboración da Policía Local.

51. INFRACCIÓNS DOS CONCESIONARIOS OU XESTORES INDIRECTOS DO SERVIZO

Ademáis das que sexan deducibles conforme á normativa de aplicación, considéranse Faltas Leves:

- As lixeiras desconsideracións ou faltas do respecto debido ós titulares dos postos ou ós usuarios dos servizos que se produzan nos locais.
- Causar, mediando dolo ou negligencia grave, danos ó edificio, postos ou instalacións por valor inferior a 1.500 euros.
- Calquera desorde ou incumprimento de escasa transcendencia das normas sobre o servizo ou instrucións que, no cumprimento deste, lle poidan ser dadas polo propio Concello.
- A tolerancia na comisión de faltas leves polos titulares dos postos, sen que se efectúe a oportuna denuncia en prazo ó Concello.

Ademáis das que sexan deducibles conforme á normativa de aplicación, considéranse Faltas graves:

- A reincidencia na comisión de falta leve sobre a que se dictara resolución sancionadora durante o prazo dun ano anterior.
- As desconsideracións ou faltas do respecto debido ós titulares dos postos ou ós usuarios dos servizos que se produzan nos locais.
- Causar, mediando dolo ou negligencia grave, danos ó edificio, postos ou instalacións por valor superior a 1.500 euros e inferior a 3.000 euros.
- Calquera desorde ou incumprimento de transcendencia das normas sobre o servizo ou instrucións que, no cumprimento deste, lle poidan ser dadas polo propio Concello.
- A tolerancia na comisión de faltas graves polos titulares dos postos, sen que se efectúe a oportuna denuncia en prazo ó Concello.

Ademáis das que sexan deducibles conforme á normativa de aplicación, considéranse Faltas moi graves:

- A reincidencia na comisión de falta grave sobre a que se dictara resolución sancionadora durante o prazo dun ano anterior.
- As graves desconsideracións ou faltas do respecto debido ós usuarios ou titulares dos postos que se produzan nos locais ou dependencias do Mercado.
- Os danos de coantía superior a 3.000 euros ocasionados de propósito ou mediando culpa grave ás instalacións.
- Calquera desorde ou incumprimento de transcendencia da normativa, do presente regulamento ou das instrucións que, no cumprimento do servizo, lle poidan ser dadas polo Concello, cando provoquen a súa paralización.

52. SANCIONES OS CONCESIONARIOS OU XESTORES INDIRECTOS DO SERVIZO

As faltas leves sancionáranse con apercibimento ou multa de ata 100 euros, as graves con multa de ata 200 euros e as moi graves con multa de ata 300 euros.

Para o caso de que as infraccións graves ou moi graves fosen cometidas pola entidade xestora do servizo e conlevasen un grave deterioro do servizo, unha motivada expectativa da paralización da súa prestación, ou que ocasionasen danos graves ás instalacións, motivará o secuestro, rescate do mesmo ou a resolución do posible convenio ou contrato para o seu desenvolvemento, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades de todo tipo que poideran concurrir.

53. RÉXIME SANCIONADOR ESPECIFICO

As infraccións e sancións descritas no presente Regulamento respecto dos concesionarios ou xestores indirectos do servizo determínanse sen prexuízo das que poideran ser previstas (en canto penalidades administrativas por incumprimentos) nos pregos de cláusulas particulares ou nas condicións que se establezan nos contratos ou convenios de concesión da xestión.

54. INFRACCIÓN DOS USUARIOS DO SERVIZO

A vulneración dos deberes contemplados no art. 42 por parte dos usuarios do servizo provocará a imposición de sancións ata o límite precisado no art. 59 do Texto refundido do Réxime Local (Rdto Lexislativo 781/1986).

55. PROCEDIMENTO SANCIONADOR

As faltas previstas no presente Regulamento que teñan a consideración de incumprimentos contractuais, e as sancións que se contemplan, de penalidades por tales incumprimentos, non precisarán da tramitación dun expediente sancionador, sen prexuízo da oportuna audiencia ó contratista.

A imposición das estantes sancións esixirá a tramitación de previo expediente, que deberá de acomodarse ó regulado no RD 1398/1993, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora. En todo caso teranse en conta os principios e circunstancias sinaladas no Título IX da Lei 30/1992 e, especialmente no que respecta á gradación das sancións, a reincidencia (sempre que non tivese a consideración de elemento constitutivo da infracción), a intencionalidade e o arrepentimento e vontade de subsana-lo dano causado. Os expedientes instruiranse pola Concellería delegada competente resoléndose pola Alcaldía do Concello.

CAP.XI. RECLAMACIÓN E RECURSOS**56. RÉXIME DE RECURSOS**

Calquera deficiencia observada no normal desenvolvemento do servizo aquí regulamentado, así como nas instrucións dadas polo encargado ou xestor do servizo, poderán ser obxecto de reclamación ante a Alcaldía do Concello ou, de se-lo caso, interposición de recurso de alzada.

A resolución adoptada pola Alcaldía esgota a vía administrativa sendo susceptible de recurso contencioso-administrativo.

CAP. XII. SUPLETORIEDADE**57. NORMATIVA APLICABLE**

No expresamente non sinalado neste Regulamento, será de aplicación o establecido na lexislación local relativa ós seus servizos, á que en todo caso se

adaptará. Así mesmo deberá de terse en conta a normativa sectorial, constituída polo Dto 41/2001 do 01.02, de Refundición da normativa en materia de bibliotecas da Comunidade Autónoma de Galicia e demais normativa que sexa de aplicación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

No Mercado prestarase o servizo de provisión de xelo, que poderá ser reclamado por calquera dos titulares dos postos de conformiade coas seguintes regras:

1. Estarán obrigados ó pagamento aquelas persoas que soliciten a provisión do xelo. O xelo irá destinado preferentemente ó servizo dos titulares dos postos, non obstante, de existir excedentes, poderá obte-lo calquera particular, logo do pagamento do prezo público establecido na presente Disposición.
2. Para o caso de existencias limitadas terán preferencia para a súa adquisición os titulares de postos destinados á venda de produtos perecederos facilmente deteriorables, especialmente peixe e carne. Entre estos, distribuirase de maneira equitativa polo encargado do posto.
3. O importe do prezo público será de:
 - 1 caldeiro.—0.46 euros.
 - 1 caixa pequena.—0.61 euros.
 - 1 caixa normal.—1.21 euros.
 - 1 caixón.—9.02 euros.

Este importe deberá de satisfacerse contra a entrega do ben, no mesmo acto.

4. O prezo será liquidado polo Administrador do Mercado, quen efectuará semanalmente o ingreso coa liquidación correspondente na conta municipal que lle sexa sinalada pola Tesourería municipal, ou mediante entrega directa a esta. Tanto a liquidación como a recadación estarán sometidas ó control da Intervención municipal, á que, coa mesma periodicidade, darase traslado da conta-liquidación para o seu control e contabilización.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

1ª. En tanto non se proceda a determinación no Catálogo municipal de Postos de Traballo aquel ó que lle corresponderá o desenvolvemento das tarefas propias do Administrador do Mercado, designarase pola Alcaldía, en tanto Xefe do Persoal, o funcionario ou traballador que as asumirá.

2ª. En consideración ó tempo que se ven disfrutando do uso dos postos, pero sen perder de vista a obriga que a lexislación reguladora dos bens locais precisa respecto ás concesións destes, establécese un específico réxime transitorio para as persoas que actualmente ocupan os postos do mercado.

Deste xeito, as sinaladas persoas entenderanse concesionarias, a partir da entrada en vigor do presente Regulamento, dos postos que actualmente veñan explotando, pero por un período de 20 anos contados a partir do día seguinte ó da sinalada entrada en vigor. Transcurrido este prazo, o posto quedará libre e vacante, sen posibilidade de prórrogas nin transmisión, por ningún título, a herdeiros, familiares ou terceiros de ningún tipo. Os postos vacantes sacaranse a licitación pública de conformidade co sinalado no presente Regulamento e na normativa reguladora, especialmente, o Regulamento de bens das Entidades Locais.

Os precisados concesionarios adaptaranse en todo o relativo ó seu réxime de explotación, dereitos, obrigas, taxas, transmisións, resolucións anticipadas etc., ó precisado neste Regulamento e na Ordeanza Fiscal que se aprobe.

DISPOSICIÓN FINAL

Este Regulamento entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente polo Concello e publicado íntegramente no B.O.P, sempre e cando transcurra o prazo sinalado polo art. 65.2 por remisión do 70.2 da Lei 7/1985.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso contencioso-administrativo ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de 2 meses a contar dende o seguinte ó da súa notificación. Todo elo sen perxuízo de interpor calquera outro recurso que Vd. estime máis procedente e sexa conforme a dereito.

Bueu, 14 de agosto de 2002.—O Alcalde, Tomás Barreiro Sotelo. 6247

* * *

CUNTIS

EDICTO

Quedando definitivamente aprobado o expediente de aprobación da Ordenanza Municipal de Circulación, segundo acordo adoptado polo Pleno do Concello en sesión ordinaria do día 29 de maio de 2002, faise público o texto íntegro da ordenanza para a súa entrada en vigor, de conformidade co disposto no artigo 70 da Lei 7/85, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local:

ORDENANZA MUNICIPAL DE CIRCULACIÓN DO CONCELLO DE CUNTIS

TÍTULO PRELIMINAR

ARTIGO 1. OBXECTO DA ORDENANZA

De conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/85 reguladora de bases de réxime Local e coas

disposicións contidas na Lei 19/2001 de 19 de decembro de reforma do texto articulado da Lei sobre Tráfico circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, aprobado por Real Decreto legislativo 339/1990 de 2 de marzo, dítase a presente Ordenanza que ten por obxecto regula-la circulación nas vías públicas urbanas do termo municipal de Cuntis.

ARTIGO 2. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Para os efectos expresados no artigo anterior, considérase vía urbana toda vía pública comprendida dentro do núcleo de poboación, entendéndose por tal o conxunto de edificacións agrupadas sen que existan nelas solucións de continuidade maior de 500 metros. En todo caso, considérase núcleo urbano ó comprendido como solo urbano nas normas subsidiarias do Planeamento Urbanístico do Concello de Cuntis.

ARTIGO 3 .MATERIAS NON REGULADAS POLA ORDENANZA

Subsidiariamente naquelas materias non reguladas expresamente pola presente Ordenanza, aplicarase a Lei de Tráfico e Seguridade Vial, o Regulamento Xeral de Circulación e as demais normas de carácter xeral.

ARTIGO 4. CONCEPTOS UTILIZADOS

Para os efectos desta Ordenanza e normas complementarias, os conceptos básicos sobre vías públicas, vehículos, sinais e usuarios, utilizaranse os indicados no anexo da Lei de Tráfico e Seguridade Vial.

TÍTULO I

DO EXERCICIO E A COORDINACIÓN DAS COMPETENCIAS SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIAL

CAPÍTULO PRIMEIRO

ARTIGO 5. COMPETENCIA DO MINISTERIO DO INTERIOR (REFORMADO)

Recoñéceselle ó Ministerio do Interior, a través do Organismo Autónomo, Xefatura Central de Tráfico, o exercicio das competencias xerais que se lle atribúen no artigo 5 reformado nos seus apartados "j" e "k" e artigo 6 na Lei 19/2001 de reforma do texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, aprobado por R.D.L. 399/1999.

O Artigo 5 no apartado "j" queda redactado nos seguintes termos:

- j) A denuncia e sanción das infraccións por incumprimento da obriga de someterse a inspección técnica de vehículos así como ás prescricións derivadas da mesma e por razón do exercicio de actividades industriais